

CERTIFICADO

Juan Marquina Fuentes, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense
CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria realizada o día 26 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Modificación da base 67^a, apartado d) do capítulo XI Retribucións e indemnizacións dos membros da corporación das de execución dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Base 67^a das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2021, con efectos do 1 de marzo de 2021, no seguinte sentido:

Letra d) Persoal eventual: Suprímese a previsión que indica “O Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía disporá dun administrativo”,

Letra e) Dedicacións exclusivas: Suprímese a previsión que indica “Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, una dedicación exclusiva”.

Segundo.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, na data de sinatura electrónica deste documento.

